

2018/19

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE MÚSICA.  
2º EP CEIP A MAÍA

## ÍNDICE

OBXECTIVOS XERAIS .....	2
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	4
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.....	6
OBXECTIVOS, CONTIDOS , CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE CO GRAO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN , A TEMPORALIZACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE.....	11
METODOLOXÍA.....	18
MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	20
AVALIACIÓN DOS ALUMNOS/AS. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS ADOPTADAS EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.....	21
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO .....	23
CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	24
AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO, PRÁCTICA DOCENTE, DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E INDICADORES DE LOGRO.....	24
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	25
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	27

## OBXECTIVOS XERAIS

- Distinguir fontes de produción sonora en distintos contextos.
- Discriminar auditivamente as calidades do son en distintos contextos.
- Valorar a importancia do silencio como parte da música.
- Realizar audicións de pezas vocais e instrumentais e recoñecemento de voces femininas e masculinas.
- Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
- Identificar as principais profesións relacionadas coa música.
- Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da súa contorna.
- Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
- Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
- Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e refrán, e ostinato rítmico.
- Interpretar sons con percusión corporal empregando a técnica de Kodaly para distinguir a duración.
- Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.
- Coñecer e decodificar as grafías convencionais ( branca, negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.
- Ler partituras sinxelas con grafías non convencionais.
- Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario.
- Interpretar cancións sinxelas.
- Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
- Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
- Recoñecer visual e auditivamente algún instrumentos da orquestra.
- Utilizar xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.
- Sonorizar un relato breve.
- Fabricar instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.

## **CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

*Referidas á competencia en Comunicación lingüística:*

- Aprender un repertorio de cancións(oraís e escritas) en lingua galega.
- Aprender vocabulario e expresións locais en galego.
- Utilizar o a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.

*Referidas á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:*

- Traballar a preescritura musical(concepto de liña e espazo).
- Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática nos musicogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
- Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
- Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan ás cancións e danzas.

*Referidas á Competencia dixital:*

- Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos...
- Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías.
- Empregar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.

*Referidas ás Competencias sociais e cívicas:*

- Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
- Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.

- Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
- Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros/as sen discriminar a ninguén.
- Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
- Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibicións.

*Referidas á Conciencia e expresións culturais:*

- Percibir e comprender o mundo que nos rodea cando escoitan sons da súa contorna, gozando da mesma e valorándoa.
- Ter curiosidade cara ás fontes sonoras dos instrumentos que manexan ana escola e os que soan nas audicións de música culta.
- Valorar as manifestacións culturais do folclore galego e doutras culturas.
- Representar sons mediante a expresión plástica.
- Elaborar traballos e presentación con sentido estético.
- escoitar, diferenciar e valorar os sons do medio no que viven.
- Coñecer os instrumentos fixándose no material de corpo vibrante e na súa procedencia (árbores, canas, pel, metal...)
- Expresar sentimentos e emocións dos códigos artísticos.

*Referidas á competencia para Aprender a aprender:*

- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros acados por medio da autoavaliación.
- Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas; así como nos remates plásticos das follas.
- Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.

- Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descrições dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

*Referidas ao Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:*

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías.
- Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas ás gaxanzas e ánimos do profesorado.
- Priorizar os obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Superar as dificultades a través da constancia e do traballo diario.
- Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.
- Transmitir entusiasmo para acadar obxectivos.
- Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.
- Amosar iniciativa persoal para prover ou iniciar novas accións.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS**

*Referidos á Conciencia e expresións culturais:*

EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.

EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.

EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.

EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.

EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.

EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaaas coas súas obras.

EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.

EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.

EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.

EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.

EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.

EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.

EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.

EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.

EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta e dos instrumentos da aula.

EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.

EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.

EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.

EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.

EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.

EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.

EMB2.4.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.

EMB2.4.5. Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.

EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.

EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.

EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.

EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

*Referidos á competencia para Aprender a aprender:*

EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.

EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaaas coas súas obras.

EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.

EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.

EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.

EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta e dos instrumentos da aula.

EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.

EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.

EMB2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.



EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.

EMB2.4.4. Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.

EMB2.4.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.

*Referidos á Competencia dixital:*

EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.

EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.

*Referidos ás Competencias sociais e cívicas:*

EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.

EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.

EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións

EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. musicais.

EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.

EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.

EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.

*Referidos á competencia en Comunicación lingüística:*

EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.

EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.

*Referidos á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:*

EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.

EMB2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.

EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.

EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra engadindo a clave de sol.

**OBXECTIVOS, CONTIDOS , CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE CO GRAO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN , A TEMPORALIZACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE**

ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO SEGUNDO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	% dos estándares	Proced. avaliación	Compet. clave	Trimestre
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.</li> <li>▪ B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.</li> <li>▪ B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.</li> <li>▪ B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.</li> </ul> </li> <li>▪ B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 20%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º 2º 3º</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 20%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TL</li> <li>▪ P</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º 2º 3º</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3º</li> </ul>

ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO SEGUNDO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	% dos estándares	Proced. avaliación	Compet. clave	Trimestre
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 20%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ P</li> <li>▪ TL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2º</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 50%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º 2º 3º</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.</li> <li>▪ B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego.</li> <li>▪ B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ P</li> <li>▪ PE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º 2º 3º</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ P</li> <li>▪ PE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3º</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.</li> <li>▪ B1.12. Normas básicas de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 20%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TP</li> <li>▪ TL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCE</li> <li>▪ C</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º 2º 3º</li> </ul>

ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO SEGUNDO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	% dos estándares	Proced. avaliación	Compet. clave	Trimestre
	comportamento en concertos e outras representacións musicais.						
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>20%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>P</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCE</li> <li>C</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1º 2º 3º</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>50%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1º 2º 3º</li> <li>Cando asistamos a un concerto didáctico.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.</li> <li>B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.</li> <li>B1.15. Forma musical: repetición e contraste.</li> <li>B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>40%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TL</li> <li>PE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCE</li> <li>C</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1º 2º 3º</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>30%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCE</li> <li>C</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1º 2º 3º</li> </ul>

ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO SEGUNDO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	% dos estándares	Proced. avaliación	Compet. clave	Trimestre
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.17. Pulso e acento. Compás binario.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>10%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>3º</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>50%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TL</li> <li>PE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2º</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.</li> <li>B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.</li> <li>EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>20%</li> <li>10%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OD</li> <li>TP</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1º 2º 3º</li> <li>3º</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Iniciación á fruta doce. O xilófono e o metalófono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Coñecer e manexar a fruta doce e algún instrumento de aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta e dos instrumentos da aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>30%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2º 3º</li> </ul>

ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO SEGUNDO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	% dos estándares	Proced. avaliación	Compet. clave	Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.</li> <li>▪ B2.5. Imitación de fórmulas melódicas.</li> <li>▪ B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 70%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCE C</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º 2º 3º</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCE C</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3º</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º 2º 3º</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 30%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCE C</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMC CT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º 2º 3º</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas.</li> <li>▪ B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional</li> <li>▪ B2.9. Notación musical e grafías non</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 40%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCE C</li> <li>▪ CMC CT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º 2º 3º</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 10%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCE C</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º 2º 3º</li> </ul>

ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO SEGUNDO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	% dos estándares	Proced. avaliación	Compet. clave	Trimestre
	<p>convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.</li> <li>▪ B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.</li> <li>▪ B2.12. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.</li> <li>▪ B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta.</li> </ul>		<p>rítmicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.</li> <li>▪ EMB2.4.4. Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.</li> <li>▪ EMB2.4.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 20%</li> <li>▪ 10%</li> <li>▪ 10%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TL</li> <li>▪ OD</li> <li>▪ OD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCE C</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMC CT</li> <li>▪ CCE C</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCE C</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3º</li> <li>▪ 3º</li> <li>▪ 3º</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Realizar pequenas coreografías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 50%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ OD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCE C</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2º 3º</li> </ul>



ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO SEGUNDO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	% dos estándares	Proced. avaliación	Compet. clave	Trimestre
▪ d	locomoción e deseños no espazo.		▪ EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	▪ 50%	▪ OD	▪ CSC	▪ 2º 3º
▪ j ▪ o	▪ B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas. ▪ B3.3. Práctica dalgunha danza tradicional galega. ▪ B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.	▪ B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	▪ EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	▪ 20%	▪ OD	▪ CCE C	▪ 2º 3º
			▪ EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.	▪ 30%	▪ OD	▪ CCE C	▪ 2º 3º
			▪ EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	▪ 30%	▪ OD	▪ CCE C	▪ 2º 3º

**Procedementos e instrumentos de avaliación** OD: Observación directa. PE: Proba escrita/Ficha. P: Preguntas individuais ou colectivas. TP: Construír un instrumento/Debuxo. TL: Traballo no libro.

## METODOLOXÍA

Estes son os **principios metodolóxicos** fundamentais:

- Atención á diversidade tendo en conta os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Diseñar actividades que favorezan o traballo individual e colectivo.
- Metodoloxía activa, inclusiva e participativa.
- Que favoreza a consecución de obxectivos e competencias clave.
- Que favoreza a autoaprendizaxe, a investigación, a creatividade e o pensamento crítico.

A materia de música caracterízase por ser creativa, social, interdisciplinar e activa. Por iso deberá priorizarse nas clases de música:

- **A creatividade:** o alumno/a pode e debe crear, e desenvolver a súa imaxinación e participar dun modo creativo ante o fenómeno musical e así formar parte do que estuda. Así poderá por exemplo crear o seu propio instrumento.
- **Socialización:** pois o alumno/a poderá formar parte de conxuntos instrumentais e vocais revitalizando así a noción de grupo.
- **Interdisciplinabilidade:** dado que existe unha gran conexión entre a así a materia de música e outras como educación física (movemento), a tecnoloxía (construción de instrumentos), a lingua e a literatura castelá e galega (mediante cancións), ou a educación plástica (asociar a música a diferentes debuxos).
- **Actividade:** posto que é unha materia na que se debe tocar, cantar e bailar así como escoitar; require unha práctica activa e constante (apréndese facendo) de xeito que non se deixe de aprender en ningún momento. A participación activa do grupo como forma de traballo para todos os contidos actitudinais, creando un clima de cooperación, interese e auténtico entusiasmo polo goce da música.

### **Estratexias metodolóxicas:**

- O proceso de ensinanza aprendizaxe baséase na secuencia: percepción auditiva, imitación e reprodución da linguaxe musical.
- Actualízanse as aprendizaxes musicais dos cursos anteriores.
- Actividade inicial de motivación e evocación de coñecementos previos.
- Secuencias de aprendizaxe para contidos da unidade a partires da audición e a observación de exemplos.
- Actividades secuenciadas por niveis de dificultade e que facilitan o traballo de Competencias Básicas e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.
- Actividades de aprendizaxe, práctica e aplicación dos mesmos nunha práctica colectiva.
- Diversidade no tipo de actividades.
- A utilización de recursos dixitais de diferente índole.
- Aplicación e razoamento, traballo de Competencias básicas, Intelixencias múltiples, proxectos, reforzo e profundización.
- O traballo autónomo do alumno/a debe presidir a aprendizaxe musical especialmente en lecto-escritura musical con exercicios prácticos para a comprensión e utilidade da grafía musical e na escoita activa dos alumnos/as que é un elemento metodolóxico de gran interese xa que permite a comprensión e memorización de melodías, ritmos... etc.

### **Espazos, e agrupamento do alumnado.**

Contarase coa aula de de música e outras dependencias que o requiran: salón de actos/Biblioteca e aula de informática.

A disposición do espazo non ten porque ser sempre a mesma, senón que ten que existir un nivel de flexibilidade que permita ritmos de aprendizaxe e tipos de actividades diversas.

Na aula haberá dous **espazos** diferenciados:

- Espazo para traballo individual: será un espazo con cadeiras e mesas en torno ao encerado para realizar actividades de lecto-escritura musical, actividades de atención como discriminación de sons, seguimento de musicogramas...etc.
- Espazo libre para movemento no que se realizarán actividades de ritmo, danza e movemento.

Para a organización do traballo na aula hai que ter en conta o tipo de tarefas que se van a realizar. Dependendo destas haberá distintos tipos de agrupamentos:

- **Gran grupo**, formado por toda a clase. Utilizáremolo para realizar actividades nas que busquemos fomentar as relacións interpersoais e a tolerancia traballando indirectamente contidos actitudinais, por exemplo a interpretación dunha obra todos xuntos. Tocaremos, cantaremos ou bailaremos.
- **Medio ou pequeno grupo** formado pola metade da clase. Así por exemplo, un grupo baila e o outro toca e acompaña con instrumentos, ou cada grupo de alumnos/as canta unha estrofa dunha canción.
- **Traballo individual** para adecuarse a o ritmo e posibilidades de cada un.

## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

O material (instrumentos) estará organizado e ao alcance dos nenos/as para que os poidan utilizar e manexar de forma práctica e sempre coidadosa.

Contarase con:

- Libro do alumno, libro dixital para o profesor, compactos co material sonoro incluído no libro do alumno/a, CD de audio para o profesor, e

guías didácticas da Editorial GaliNova.

- Plataforma dixital GaliNova.
- Ordenador con altofalantes, mesa de mesturas, encerado dixital, canón e micrófonos.
- Instrumentos de percusión de altura determinada e indeterminada, frauta doce e teclado. Ocasionalmente outros que pode aportar o mestre/a de música e levar a clase para realizar algunha actividade.
- Taboleiros para a ensinanza musical con rodas que se pode situar en distintas zonas da aula.
- Láminas sobre as familias de instrumentos, a orquestra...etc.
- Recursos da Biblioteca: libros de música.
- Servidor do centro.
- Ordenadores da aula de informática.

## **AVALIACIÓN DOS ALUMNOS/AS. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS**

Realizarase nos primeiros días do mes de setembro e se realizará unha observación directa na realización dunha serie de actividades tanto individuais como colectivas que abarquen de forma xeral e sinxela algúns dos contidos máis importantes ou salientables da Educación Musical aprendidos no curso pasado:

- Cantar unha canción, farán percusión corporal ou ritmos con pequena percusión e unha actividade de movemento traballadas todas estas, colectivamente.
- Completar unha ficha de aspectos de linguaxe musical e de recoñecemento auditivo.

En función dos resultados comezarse coa primeira Unidade Didáctica pero partindo dos coñecementos musicais previos dos nosos alumnos/as para realizar así unha verdadeira aprendizaxe significativa. Actualízanse contidos aprendidos no curso anterior.

Motivarase aos nenos/as con actividades variadas de escoita, movemento e comezando a traballar no libro de música que xa é, consideramos, moi motivador polas ilustracións, audicións, contos , cancións...etc.

Dado que en Educación Musical os nenos/as deste colexio seguen ao longo dos cursos de Primaria co mesmo mestre/a de Educación Musical, esta avaliación inicial en realidade vai máis dirixida aos alumnos/as de nova incorporación, xa que o mestre/a parte de que xa coñece e avaliou a todos os alumnos/as en cursos pasados.

***Ao longo do curso realizarase unha avaliación continua*** por observación directa e empregando diversos instrumentos e procedementos de avaliación, xa detallados anteriormente en cada estándar de aprendizaxe avaliable.

Avaliaranse:

- Tarefas diversas do alumno realizadas na actividade diaria da clase tanto individuais como colectivas (canto, danza, audición, instrumentacións...etc).
- Actividades diversas de avaliación tanto orais como escritas: traballo no libro, fichas, probas escritas, preguntas individuais e colectivas ou diálogos.

#### **Avaliación das competencias.**

- Rexistro do grupo-clase.
- Rexistro individual do alumno/a.
- Informe de avaliación.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1.Realización do traballo na clase de música.

*Valoración (8)*

*Instrumento de avaliación: Rexistro do traballo na clase.*

- Intervencións orais tipo resposta (1)
- Traballo no libro de música (2)
- Observación directa do alumno/a nas actividades musicais realizadas na aula (4):
  - Audición (1)
  - Canto (1)
  - Danza (1)
  - Instrumentacións (1)
- Probas específicas (1)

2.Valoración de actitudes na clase.

*Valoración (2)*

*Instrumento de avaliación: Rexistro de actitudes na clase.*

- Colaboración á hora de coller e gardar os instrumentos necesarios para utilizar nas actividades (0.25)
- Respecta as intervencións dos compañeiros/as e as quendas á hora de participar en actividades musicais (0.5)
- Respecto cara á persoa que dirixe:mestre/a de música (0.5)
- Interese, participación, esforzo, colaboración e comportamento (0.75)

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Seguiranse os criterios de promoción establecidos na Programación Xeral para o presente curso.

### **AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO, PRÁCTICA DOCENTE E DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E INDICADORES DE LOGRO**

**Para avaliar a programación didáctica o mestre/a** de Educación Musical, fará unha reflexión sobre os obxectivos, actividades, recursos e a propia práctica docente, todo iso co propósito de que constitúa un elemento de autoavaliación que permita así mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe e que constituirá unha base permanente de planificación do traballo. Así se establecerán **indicadores de logro** nas programacións.

As reflexións sobre o desenvolvemento das programacións didácticas, clases e a práctica docente, responderá a unha serie de cuestións:

- ***Clases, materiais didácticos e recursos empregados***
  - Empregaronse recursos de linguaxe musical, voz, cancións, frauta, instrumentos, audicións, compositores/as, danza e movemento e actividades variadas?
  - As clases preparadas se adaptaron ás características do nivel e dos alumnos?
  - As actividades se adaptan aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as? Neste aspecto, se tiveron en conta as recomendacións do Equipo de Orientación?
  
- ***A metodoloxía***
  - A aprendizaxe foi significativa?
  - Fomenta a actividade e participación dos alumnos/as?
  - Os contidos e as actividades están secuenciados?
  - É unha metodoloxía motivadora? Fomenta o interese dos alumnos/as?



- **A avaliación**

- Fíxose un seguimento adecuado dos alumnos/as?
- As probas de avaliación están ben adaptadas ao nivel e recollen os contidos traballados?
- Os instrumentos de avaliación foron os axeitados?
- As probas de avaliación recollen todo o tipo de actividades que se traballan?

**Instrumento de avaliación:** rexistro da Unidade Didáctica e das medidas adoptadas en función do desenvolvemento da mesma.

Neste rexistro quedarán reflectidas as respostas ás preguntas e reflexións expostas no apartado anterior e as medidas adoptadas, sendo así un proceso constante e continuo ao longo do curso.

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A área de Educación Musical favorece polas súas características específicas a integración e a participación de todo o o alumnado xa que todos os nenos e nenas, dentro claro, das súas capacidades, poden cantar, bailar, comentar audicións...etc. Nunha palabra, sentir e vivenciar a música. A Educación Musical en Primaria como nós a entendemos non está pensada para que chegue só aos alumnos/as con aptitudes musicais. Non é un conservatorio, nin unha escola de música, senón que cremos debe ser o lugar e o momento de descubrir o mundo da música e que este descubrimento e estas vivencias cheguen a todos os alumnos/as.

Medidas de actuación:

- Ten conta as recomendacións do Departamento de Orientación.
- Ter en conta as recomendacións do titor/a.

- Prever as dificultades de aprendizaxe que xurdan na aula para facer o apoio e reforzo educativo aos alumnos/as que o necesiten tanto nas actividades individuais como colectivas.
- *Nas actividades individuais* este **reforzo** será xeralmente nos exercicios de linguaxe musical (lecto-escritura musical, na identificación de ritmos e melodías, na creación de melodías...etc ) e nos exercicios de discriminación auditiva, seguimento de musicogramas e audicións que realiza o alumno/a de forma autónoma no libro. Nestes momentos o mestre/a especialista de Educación Musical é cando axuda de xeito individual a estes alumnos/as.
- *Nas actividades colectivas* a nosa intervención como mestre/a de música consistirá en preparar as actividades tendo en conta a diversidade da aula para así lograr unha escola inclusiva. Por exemplo á hora de preparar unha instrumentación teremos que pensar nas características, capacidades e aptitudes de cada alumno/a para distribuír os instrumentos. Uns alumnos/as tocarán as melodías con frauta e outros aos que detectemos que presentan máis dificultades, tocarán os acompañamentos con instrumental de pequena percusión para que así todos se sintan motivados ao ser capaces de participar co seu grupo e mellore a súa autoestima. Entendendo ben, que cada un no seu papel e dentro das súas capacidades debe esforzarse para conseguir que o resultado grupal sexa unha interpretación artística e en definitiva facer música e gozar dela.
- Con estas medidas de actuación estamos favorecendo a educación en valores.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Posibilidade de asistir a Concertos Didáticos.

Posibilidade de participar na web do centro con algún artigo deste nivel, sobre aspectos traballados na clase de música e contemplados na Programación de Educación Musical.

Estudiaranse outro tipo de propostas de actividades que poidan ir xurdindo ao longo do curso en relación coa música, que resulten interesantes para os alumnos/as deste nivel e que favorezan o desenvolvemento dos obxectivos establecidos na programación de Educación Musical para o presente curso.